



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DIA 23 DE FEBREIRO DE 2012.-

Sres. Asistentes: Sr. Alcalde: D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO. Sres. Concelleiros: D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FDEZ. D^a M^a MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. SR. SECRETARIO.: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e trece minutos do día vintetres de febreiro de dous mil doce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez. Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:
--	---

PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS, DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 27 DE OUTUBRO DE 2011, E 23 DE NOVIEMBRE DE 2011.

O Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación as actas das sesións celebradas os días 27 de outubro de 2011 e 23 de novembro de 2011.

- Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

PUNTO NÚM. 2.- SUBSANACIÓN ACORDO PLENARIO POS-2012.-

Dada conta do escrito da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, relativo a deficiencias na documentación Plan POS 2012 en concreto:

Proxecto “Renovación da rede de Abastecemento de Auga potalbe a os Castros”.

-Existe unha partida no presuposto para “Acometida de auga domiciliaria” que en principio non pode ser incluída”.



Proxecto “Repración, Mantemento e Mellora de Vías Municipais”.

-A Memoria non inclúe a declaración de obra completa nin a clasificación do contratista.

- Falta o programa de Traballo ou Plan de Obra cuantificado.

No apartado do Presuposto non se inclúen os prezos auxiliares nin os prezos descompostos.

A Denominación do Proxecto é demasiado xenérica.

Toma a palabra o Sr. Secretario, manifestándose que tratase de corrixir esas deficiencias e que xa esta subsanado e o primeiro manifestar que hai unha partida no presuposto para acometida domiciliaria e xa esta aclarada por PROYFE.

O Sr. Manuel Cendán pregunta se estamos dentro dos prazos.

Resposta o Sr. Secretario que sí, que non hai ningún problema legal.

Dada conta do informe técnico aclaratorio sobre a partida de “acometida de auga domiciliaria”, emitido polo enxeñeiro de Camiños D. Miguel Nieto Matamoras colexiado núm. 16879 (PROYFE S.L.).

Visto o proxecto correxido denomiando **“Proxecto para a Reparación, Mantemento e mellora de vías municipais no lugar de Barracido parroquia de Caamouco no Concello de Ares”**.

O Concello Pleno por unanimidade acorda:

1º.- Subsanan o acordo inicial de aprobación do POS 2012, prestando a súa aprobación o proxecto a incluír denominado “Proxecto para a Reparación Mantemento e mellora de vías municipais no lugar de Barracido parroquia de Caamouco no Concello de Ares”.

2º.- Prestar aprobación o informe Técnico aclaratorio da partida de “Acometida de auga domiciliaria”, emitido polo enxeñeiro de Camiños D. Miguel Nieto Matamoras colexiado núm. 16879 (PROYFE S.L.).



CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Interven o Sr. Manuel Cendán, manifestando que un tema de procedemento, si mirades as Resolucións, faltan resolucións, saltan do 3 ó 17, eu creo que esto é un tema de organización, xa falei co Secretario, e por parte do Sr. Secretario se me dixo que xa viñeran non Pleno anterior as resolucións que faltan, pero eu creo que esto debería de levar un orde, para que as que veñan que vaian seguidas, te faltan unha serie delas e efectivamente vas o expediente do Pleno anterior e aparecen, a mairoía delas.

Resposta o Sr. Alcalde que a razón se debe a que se lle van dando a el, a mín me baixan de diferentes servicios Resolucións, e para dar conta ó Pleno se lle levan o Secretario, entonces claro uns servicios se llas dan para ese Pleno e outros as retrasan e entonces teñen que ir ó seguinte, porque cada resolución a tramita o servicios correspondente.

O Sr. Cendán di de ordena-las aínda que non veñan todas a este Pleno, pero senon é un descontrol, tes que ir o expediente do Pleno anterior a buscalas.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 4.- MOCIÓN E PROPOSTAS.-

a) MOCIÓN BNG-PSdeG-PSOE "ROSALIA DE CASTRO".

Dase conta da Moción do Grupo Municipal Socialista do seguinte teor literal:



“ O Grupo Municipal Socialista no concello de Ares, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCION**, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libre *Cantares Galegos*, o primeiro escrito íntegramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é, necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeneracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo iso propoñemos ao Pleno Municipal do Concello de Ares

- **Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.**
- **Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas no noso Concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura.**
- **Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.”**

Dada conta da Moción do BNG do seguinte teor literal:



“Exposición de motivos:

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito íntegramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACOROD:

- 1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.**
- 2. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso Concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura.**
- 3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel de protagonista.”**



Toma a palabra o Voceiro do BNG, Sr. Mesías Farías, sinalando que simplemente dar conta deses acordos por motivo do día 24 de Rosalía, entónces nons creemos que é unha moción, que persigue dalgunha maneira recoñecer a obra e a figura desta poeta desta muller.

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Mocións PSdeG-PSOE “Adhesión á Declaración Institucional da FEGAMP, no día Internacional da Memoria das Víctimas do Holocausto, e a prevención dos crimes contra a humanidade”.

Dase conta da Moción arriba epigrafiada do seguinte teor literal:

A **Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)**, lugar común de todos os Concellos de Galicia, quere sumarse ao “Día Internacional da Memoria do Holocausto e a Prevención dos Crimes contra a Humanidade” baixo o lema “Recordemos hoxe e por sempre”, desde o seu máis firme compromiso coa causa da dignidade humana.

Non é admisible mirar cada a outro lado ante a barbarie sen igual do Holocausto. Queremos e debemos recordala, con vergoña e horror, porque só asumindo a memoria negra de Europa estaremos en condicións de afrontarmos o reto de eliminar na súa raíz as ideas criminais que levaron a uns seres humanos a aniquilar a outros seres humanos.

Recordar e lembrar é tamén unha salvagarda para o futuro, para manifestar con enerxía o noso nunca máis á inhumana perversión dos campos de exterminio, nunca máis á barbarie e a degradación dos seres humanos nunca máis aos totalitarismos.

Por iso, recordamos hoxe e por sempre:

As vítimas da Shoah, os 6 millóns de xudeus de toda Europa que foron perseguidos e aniquilados polo simple feito de seren xudeus. O millón e medio de nenos e mozos, que coa mesma crueldade foron asasinados. As decenas de miles de xitanos que correrón igual sorte, baixo a delirante idea de non pertenceren a unha suposta raza superior. Os miles de demócratas asasinados por combateren a ideoloxía totalitaria



enfrentándose aos designios criminais do nazismo. As vítimas que conseguiron sobrevivir ao xenocidio, que quen aprendemos a súa lección de enteiraza e loita.

Os que arriscando a súa propia existencia axudaron a salvar a vida doutros moitos, cuxo destino de morte os criminais xa previran.

E recordamos tamén de maneira moi especial, pola súa proximidade, os centos de galegos e as galegas que sufriron a morte nos campos de horror nazi.

Por iso, desde a **Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)** manifestamos o noso máis firme compromiso cos dereitos inalienables da persoa, coa liberdade e co máis pleno respecto á dignidade do home, para que nunca xamais poida repetirse unha tolemia semellante á que agora recordamos.

Desde a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) non escatimaremos esforzos en contribuír desde os Concellos de Galicia a unha maior sensibilización dos cidadáns de Galicia do que o horror do Holocausto representou para todos nós como cidadáns europeos.

Toma a palabra o Voceiro do PSOE Sr. Fernández Lago, o cal da lectura a Moción antes transcrita.

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán, manifestando que nos vamos a votar a favor, pero o que si nos quedaría claro e que sempre se viña facendo aquí, cando hai unha declaración institucional, e máis da FEGAMP, que por parte da Alcaldía se traía isto, se leve á Xunta de Voceiros, e se apoia, porque isto eu creo que o vamos a apoiar todos, pero o normal sería presentar unha Declaración Institucional por parte do Alcalde e que pechamos un acordo por maioría, aínda que creo que así vai a ser, creo que en lugar de ser unha moción do Partido Socialista debería de ser unha Declaración Institucional presentada polo Alcalde ó Pleno.

Sometida a votación o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase se algún grupo ten algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola vía de Urgencia, non presentándose moción algunha.



Punto Núm. 5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o voceiro do Grupo do Partido Popular, Sr. Manuel Cendán: O venres estiven co Alcalde do Concello de Mugardos e é a segunda vez que me dí un pouco de broma un pouco en serio que lle debemos unha cantidade de diñeiro polo tema da Piscina, e a mín me estrañou que me dixerá cando me vades a pagar o tema da piscina, non me dixo a cantidade, e eu quería saber ¿canto é a cantidade que se lle debe?, non sei se o Sr. Alcalde sabe a debeda que temos exactamente con Mugardos.

Resposta o Sr. Alcalde, e manifesta que a cantidade exacta eu non a sei, pero sei que efectivamente din Orde que non se pague ata que nos paguen as expropiacións da EDAR, entón temos expropiacións da EDAR desde hai un ano, nos asumimos as expropiacións e todos os gastos, Fene pagou hai máis dun ano, e Mugardos non pagou nada, entón eu non lle pago o da Piscina ata que pague o da EDAR, porque problemas de liquidez temos todos, nestes momentos os Concellos andamos moi xustos, debe de ser unha das últimas certificacións da Piscina, e ata que pague as expropiacións da EDAR a min non me parece loxico pagarlle, entón si o ves lle dis que cando pague as expropiacións da EDAR, e é mais na reunión da semana pasada o Secretario o dixo que FENE pagou as expropiacións, xa bastante facemos con asumir a xestión da EDAR que foi morrocotuda, as horas que pasou o Secretario as horas que dedicaron os Aparelladores os problemas da EDAR non as pagou FENE nin MUGARDOS, porque xa están en nómina no Concello de Ares, pero aquí se adicaron moitas horas a EDAR e o mínimo e pagar as expropiacións, Fene pagou e eso pon de manifestó que eso é sencillo, pero vamos non hai ningún problema, esto ten amaño seguro, pero creo que se están facendo os remolóns para pagar, e nos xa pagaremos o da Piscina cando este todo claro.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e vintecatro minutos do día o comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a Sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,